

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

- 16468** *Real decreto 1361/2011, do 7 de outubro, polo que se modifica o Real decreto 61/2006, do 31 de xaneiro, polo que se fixan as especificacións de gasolinas, gasóleos, fueis e gases licuados do petróleo, se regula o uso de determinados biocombustibles e o contido de xofre dos combustibles para uso marítimo, no relativo ás especificacións técnicas do gasóleo denominado clase B.*

O Real decreto 61/2006, do 31 de xaneiro, polo que se fixan as especificacións de gasolinas, gasóleos, fueis e gases licuados do petróleo, se regula o uso de determinados biocombustibles e o contido de xofre dos combustibles para uso marítimo, actualizou as especificacións dos produtos derivados do petróleo e regulou o uso de biocombustibles.

O Real decreto 1027/2006, do 15 de setembro, modificou o citado Real decreto 61/2006, do 31 de xaneiro, no relativo ao contido de xofre dos combustibles para uso marítimo, para adaptalo á Directiva 2005/33/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 6 de xullo de 2005, pola que se modifica a Directiva 1999/32/CE no relativo ao contido de xofre dos combustibles para uso marítimo.

Mediante o Real decreto 1088/2010, do 3 de setembro, adaptouse o Real decreto 61/2006, do 31 de xaneiro, no que se refire a certos aspectos relativos ao uso de biocombustibles e en relación coas especificacións do combustible utilizado polos buques de navegación interior, á Directiva 2009/30/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de abril de 2009, pola que se modifica a Directiva 98/70/CE en relación coas especificacións da gasolina, do diésel e do gasóleo, se introduce un mecanismo para controlar e reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro, se modifica a Directiva 1999/32/CE, do Consello, en relación coas especificacións do combustible utilizado polos buques de navegación interior e se derroga a Directiva 93/12/CEE.

De acordo coa modificación realizada polo citado Real decreto 1088/2010, do 3 de setembro, no vixente Real decreto 61/2006, do 31 de xaneiro, ao gasóleo denominado clase B, para uso agrícola e marítimo, exíxese un contido máximo en xofre de 10 mg/kg a partir do 1 de xaneiro de 2011, cando ata entón se viña permitindo 1000 mg/kg. Porén, faise excepción desta obrigatoriedade ata o 31 de decembro de 2011 para vehículos ferroviarios, tractores agrícolas e forestais, sempre e cando este límite non poña en risco o funcionamento adecuado dos sistemas de control de emisións.

A Directiva 2009/30/CE, do 23 de abril de 2009, non inclúe no ámbito de aplicación da redución do contido máximo de xofre a 10 mg/kg algúns usos do gasóleo B, como o utilizado en embarcacións de pesca. No noso país, o gasóleo B para uso marítimo utilízase fundamentalmente nesas embarcacións.

A redución do contido de xofre nos carburantes ten un impacto positivo desde o punto de vista ambiental. Con todo, implica un incremento do prezo deste tipo de gasóleo, debido ás necesidades de desulfuración, que eleva os custos de produción para o sector pesqueiro e pode acabar repercutindo en maior ou menor medida no consumidor final.

Co obxecto de compaxinar a mellora ambiental asociada á redución do contido de xofre e minimizar o impacto económico da medida, mediante este real decreto detállanse os usos do gasóleo B para os cales se exige un contido máximo en xofre de 10 mg/kg a partir do 1 de xaneiro de 2011 e aqueles que temporalmente, ata o 31 de decembro de 2011, están eximidos dese cumprimento. Para outros usos do gasóleo B distintos dos especificados non será exigible tal redución do contido de xofre.

Cumpríuse o preceptivo trámite de audiencia a través do Consello Consultivo de Hidrocarburos, cuxas observacións e comentarios, de acordo co establecido no punto 5.5 do Real decreto 1339/1999, do 31 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Comisión Nacional de Enerxía, se tomaron en consideración para a elaboración do

correspondente informe da citada Comisión. Esta, de conformidade co disposto na disposición adicional décimo primeira, punto terceiro, 1, función segunda, da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, emitiu informe preceptivo.

Este real decreto ten o seu fundamento legal na disposición derradeira segunda da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, que autoriza o Goberno para aprobar, no ámbito das súas competencias, mediante real decreto, as normas de desenvolvemento desa lei.

O artigo 149.1.25.^a da Constitución atribúelle ao Estado competencia exclusiva sobre as bases do réxime enerxético. Nese título competencial, igual que o Real decreto 61/2006, do 31 de xaneiro, que agora se modifica, ampárase este real decreto.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Turismo e Comercio, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 7 de outubro de 2011,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 61/2006, do 31 de xaneiro, polo que se fixan as especificacións de gasolinas, gasóleos, fueis e gases licuados do petróleo, se regula o uso de determinados biocarburantes e o contido de xofre dos combustibles para uso marítimo.*

Modifícase o número 2 do artigo 3 do Real decreto 61/2006, do 31 de xaneiro, polo que se fixan as especificacións de gasolinas, gasóleos, fueis e gases licuados do petróleo, se regula o uso de determinados biocarburantes e o contido de xofre dos combustibles para uso marítimo, que queda redactado da maneira seguinte:

«2. Gasóleos para usos agrícola e marítimo (clase B).– As especificacións técnicas para os gasóleos de uso agrícola e marítimo (clase B) son as que se relacionan no anexo III bis deste real decreto, sen prexuízo do disposto no seguinte parágrafo.

A partir do 1 de xaneiro de 2011, o contido máximo autorizado de xofre dos gasóleos para máquinas móbiles non de estrada (incluídos os buques de navegación interior), tractores agrícolas e forestais e embarcacións de recreo será de 10 mg/kg. Poderanse producir entregas a usuarios finais cun contido en xofre de ata 20 mg/kg, como consecuencia da contaminación na cadea de subministración. Ata o 31 de decembro de 2011 poderase comercializar gasóleo que conteña un máximo de 1000 mg/kg de xofre para vehículos ferroviarios e tractores agrícolas e forestais, sempre e cando este límite non poña en risco o funcionamento adecuado dos sistemas de control de emisións.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 7 de outubro de 2011.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Industria, Turismo e Comercio,
MIGUEL SEBASTIÁN GASCÓN